



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 6 DE XULLO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 6 de xullo de 2016, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o día 4 de xullo de 2016, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidente:** D. Javier Pardo Espiñeira

**Vocais:**

D<sup>a</sup>. Susana García Alvarez  
D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 4b, 4c, 5b, 5c e 6b)  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 2a, 3a, 4a, 5a e 6a)  
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 2b)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

#### 1.- APROBACIÓN DE ACTAS

##### a) Acta da sesión do 29.06.2016

Non se aproba porque hai que facer correccións.

##### b) Acta da sesión do 01.07.2016

Apróbase a acta polos membros da Mesa coa abstención do presidente por non estar presente na sesión do 1 de xullo de 2016.

#### 2.- Apertura de documentación administrativa

##### a) Procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de educación permanente de adultos (expediente 17747-332)

Abriuse o sobre A "Documentación persoal" do único licitador presentado. Tras a cualificación da documentación persoal, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes nesta sesión se acorda:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:27	Páxina 1 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA241-C44954-8A49AE-ENM14C-ZF1EUF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Admitir inicialmente neste procedemento ao licitador “Mulleres progresistas de Vigo” por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lle exclúa.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións da concellería de Deportes (14.892-333)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa que foi requirida a emenda de documentación ás empresas Aquafit Gestión, SL e Clece, SA. e que, consultado o Rexistro Xeral, Aquafit Gestión, SL non achega ningunha documentación no prazo concedido, polo que a Mesa acorda non admitila no procedemento.

A mesa comproba a documentación presentada por Clece, SA que é correcta polo que se admite no procedemento, agás que nun momento posterior do procedemento, tras serlle requirida, no seu caso, a acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos para presentarse a este procedemento, de non reunilos se lle exclúa.

**3.- Apertura de documentación técnica**

**a) Procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de educación permanente de adultos (expediente 17747-332)**

En acto público abriuse o sobre B “Documentación técnica” da única oferta presentada. Non comparece ningún licitador á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións da concellería de Deportes (14.892-333)**

En acto público abriuse o sobre B “Documentación técnica” das ofertas presentadas e admitidas. A empresa Clece, SA declara confidencial a súa oferta.

Non comparece ningún licitador á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

**4.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de folk e tradicional E-Trad (expediente 17498-332) (informe sobre C)**

Faise entrega do informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación do 30 de xuño de 2016 sobre os criterios valorables mediante fórmula e clasificación da oferta presentada.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria “módulo para o cálculo de taxas por**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:27	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA241-C44954-8A49AE-ENM14C-ZF1EUF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATAÇÃO

### **prestación de servizos e por aproveitamento de dominio público” (expediente 7692-113) (informe sobre C)**

Faise entrega do informe do xefe Servizo Administración Electrónica do 30 de xuño de 2016 sobre os criterios valorables mediante fórmula e clasificación da oferta presentada.

### **c) Procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de mantemento de software desenvolvido internamente (expediente 7760-113) (informe sobre B)**

Faise entrega do informe do xefe Servizo Administración Electrónica do 30 de xuño de 2016 dos criterios valorables mediante xuízo de valor.

## **5.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

### **a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de folk e tradicional E-Trad (expediente 17498-332) (informe sobre C)**

Acéptase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 30 de xuño de 2016 dos criterios de valorables mediante fórmula e clasificación da oferta presentada.

### **b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria “módulo para o cálculo de taxas por prestación de servizos e por aproveitamento de dominio público” (expediente 7692-113) (informe sobre C)**

Acéptase o informe do xefe Servizo Administración Electrónica do 30 de xuño de 2016 dos criterios de valorables mediante fórmula e clasificación da oferta presentada.

### **c) Procedemento aberto para a contratación da prestación dos servizos de mantemento de software desenvolvido internamente (expediente 7760-113) (informe sobre B)**

Acéptase o informe do xefe Servizo Administración Electrónica do 30 de xuño de 2016 dos criterios de valorables mediante xuízo de valor.

## **6.- Propostas de clasificación**

### **a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de folk e tradicional E-Trad (expediente 17498-332)**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:27	Páxina 3 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA241-C44954-8A49AE-ENM14C-ZF1EUF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida no procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música, folk e tradicional (E-TRAD) (expediente 17.498-332) no seguinte orde decrecente:

Empresas	Puntuación total
1. Galega de Recursos Educativos Avanzados, S.L. (GREDA, S.L.)	93

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado, GREDA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requiritr ao citado licitador o aboamento de 980,48 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria “módulo para o cálculo de taxas por prestación de servizos e por aproveitamento de dominio público” (expediente 7692-113)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida no procedemento aberto para a contratación do servizo de actualización do aplicativo de xestión tributaria “módulo para o cálculo de taxas por prestación de servizos e por aproveitamento de dominio público” (expediente 7692-113) no seguinte orde decrecente:

Empresas	Puntuación total
1. AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, SL	85

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, AULA INFORMÁTICA DE GALICIA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:27	Páxina 4 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA241-C44954-8A49AE-ENM14C-ZF1EUF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 944,92 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

### 7.- Propostas de adjudicación

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reparacións discontinuas da calzada na rúa Tomás Alonso (expediente 3517-440)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP).
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de reparacións discontinuas da calzada na rúa Tomás Alonso (expediente 3517-440).

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de xuño de 2016, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro: Considerar que as ofertas presentadas polas empresas que deseguido se relacionan e polas causas que se citan conteñen valores anormais ou*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:27	Páxina 5 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA241-C44954-8A49AE-ENM14C-ZF1EUF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

desproporcionados e polo tanto proceder á súa exclusión da clasificación:

<b>Empresas</b>
CONSTRUCTORA EDISERPO S.L por non presentar a documentación xustificativa da oferta presentada.
MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L. por non presentar a documentación xustificativa da oferta presentada.
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L por non presentar a documentación xustificativa da oferta presentada.
CETA CONTRATAS SL por non presentar a documentación xustificativa da oferta presentada.
EXPLOTACIONES MEDIAMBIENTALS SL por non presentar a documentación xustificativa da oferta presentada.
O.T.C. FONTEFRIA S.L.U. Polas causas fixadas no informe do xefe da Unidade Ospio de 18-05-2016.
PAVIMENTOS Y VIALES DE GALICIA, S.L. por non presentar a documentación xustificativa da oferta presentada.
DESMACO, S L por non presentar a documentación xustificativa da oferta presentada.
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S L Polas causas fixadas no informe do xefe da Unidade Ospio de 18-05-2016.
CONSTRUCCIONES VALE, S L Polas causas fixadas no informe do xefe da Unidade Ospio de 18-05-2016.
ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S L Polas causas fixadas no informe do xefe da Unidade Ospio de 18-05-2016.
HORDESCON, S L Polas causas fixadas no informe do xefe da Unidade Ospio de 18-05-2016.

Segundo: Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no "Procedemento aberto para a contratación das obras de reparacións discontinuas da calzada na rúa Tomás Alonso. (expediente 3517-440)" no seguinte orde decrecente:

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	COPCISA, SA	<b>80,00</b>
2	CANALIS SOLUCIONES TECNOLOGICAS SL	<b>76,45</b>
3	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S A	<b>73,14</b>
4	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS	<b>73,03</b>
5	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	<b>71,96</b>
6	ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL	<b>71,68</b>
7	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A.	<b>71,67</b>
8	CIVIS GLOBAL	<b>70,58</b>
9	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	<b>70,48</b>
10	EXCANO SLU	<b>70,04</b>
11	CONSTRUCCIONES RAFER SL.	<b>69,84</b>
12	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U	<b>69,29</b>
13	INNTIS INGENIEROS CONSTRUCTORES SL	<b>69,18</b>
14	GESTAL Y LOPEZ, S L	<b>66,93</b>
15	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO SA	<b>44,38</b>

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COPCISA, S.A. para que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:27	Páxina 6 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA241-C44954-8A49AE-ENM14C-ZF1EUF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

*presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

*Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*

*Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*

*A documentación esixida na cláusula 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Cuarto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 658,22 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación"*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, **COPCISA, SA**, o día 14 de xuño de 2016, que presenta a documentación requirida o 23 de xuño, dentro do prazo sinalado.

**Terceiro.-** A Mesa de contratación na sesión do 6 de xullo de 2016 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que se acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:27	Páxina 7 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA241-C44954-8A49AE-ENM14C-ZF1EUF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *COPCISA, SA*, de acordo co informe de valoración da oferta económica do 18 de maio de 2016.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a COPCISA, SA, o procedemento aberto para a contratación das obras de reparacións discontinuas da calzada na rúa Tomás Alonso (expediente 3517-440) coas seguintes condicións:*

- *O prezo total do contrato é de 75.243,31 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.058,76 euros.*
- *O prazo de garantía é de 189 meses.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

**b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de procuradores para a representación do Concello de Vigo perante distintos órganos xudiciais (expediente 9408-111)**

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de procuradores para a representación do Concello de Vigo perante distintos órganos xudiciais

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local celebrada o 19 de febreiro de 2015, adoptou o seguinte acordo:

*“Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:27	Páxina 8 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA241-C44954-8A49AE-ENM14C-ZF1EUF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación a) dos servizos de procuradores para a representación do concello de Vigo perante distintos órganos xudiciais (expediente 9408-111)” no seguinte orde decrecente:*

<b>Lote 1</b>	Paula Llordén	Ramón Cornejo	M. Jesús Nogueira	Pablo Acosta	Jesús González	Maria Santiago	M. Dolores Doldán	Ricardo Estévez
Total	95	94	94	93	93	90	90	90

<b>Lote 2</b>	J. Antonio Garrido	Begoña Millán	Miguel Pardo	J. Antonio Castro	José Amenedo	Ana González
Total	98	97	96	93	90	90

<b>Lote 3</b>	Silvia Barreiro
Total	93

*Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados nas catro primeiras posicións no lotes 1, nas dous primeiras posicións no lote 2 e ó único clasificado no lote 3, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

- Documentación acreditativa da personalidade xurídica, consonte ó previsto na cláusula 8.1 do PCAP.*
- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- Acreditación da solvencia económica e financeira e técnica o profesional consonte ó previsto na cláusula 8.4 do PCAP.*
- Habilitación profesional.*
- Póliza do seguro de responsabilidade civil coas características descritas na cláusula 26 do PCAP.*
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.7 do prego.*

*Terceiro.- Requirir aos citados licitadores o aboamento de 729,92 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación, correspondéndolle o*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:27	Páxina 9 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA241-C44954-8A49AE-ENM14C-ZF1EUF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

aboamento de 104,28 a cada un deles”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ós licitadores clasificados nas catro primeiras posicións no lote 1, nas dous primeiras posicións no lote 2 e ó único clasificado no lote 3, o día 25 de febreiro de 2016, que presentan á documentación no prazo conferido ó efecto, agás D. Pablo Acosta Padín. Esta documentación foi cualificada pola Mesa de Contratación na súa sesión de data 6 de abril de 2016.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 6 de abril de 2016, á vista da falla de presentación da documentación por D. Pablo Acosta Padín, e en aplicación do previsto no artigo 151.2 do TRLCSP, formulou unha nova proposta ó órgano de contratación de requirimento de documentación ao licitador seguinte no orde de clasificación das ofertas.

**Cuarto.-** A Xunta de Goberno Local, a proposta da Mesa de Contratación, en data 29 de abril de 2016, acordou:

“1º Requirir ao licitador clasificado no quinto lugar no lote 1, D. Jesús González-Puelles Casal a presentación no prazo de dez días seguintes a notificación deste acordo a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da personalidade xurídica, consonte ó previsto na cláusula 8.1 do PCAP.
- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación da solvencia económica e financeira e técnica o profesional consonte ó previsto na cláusula 8.4 do PCAP.
- Habilitación profesional.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil coas características descritas na cláusula 26 do PCAP.
- Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.7 do prego.
- O aboamento de 104,28 euros en concepto de anuncios de licitación.

“2º Excluir da licitación a Dna. Silvia Barreiro por presentar unha declaración negativa de atoparse ao día nas obrigas tributarias e polo tanto declarar deserto o lote 3”.

**Quinto.-** D. Pablo Acosta Padín, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello en data 5 de maio de 2016, presenta recurso de reposición, solicitando que se lle conceda un novo prazo para presentar a documentación que foille requirida por correo electrónico como clasificado no Acordo marco para a contratación polo Concello de Vigo dos servizos de procurador dos Tribunais, por non ter recibido esta comunicación.

**Sexto.-** A Xunta de Goberno Local, na sesión do 21 de xuño de 2016, acordou:

“1º.- Admitir o recurso de reposición interposto por D. Pablo Acosta Padín, en escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 5 de maio de 2016, no procedemento de licitación do Acordo marco para a contratación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:27	Páxina 10 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA241-C44954-8A49AE-ENM14C-ZF1EUF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

polo Concello de Vigo dos servizos de procurador dos Tribunais (expediente 9408-111).

2º.- Desestimar o citado recurso de reposición interposto por D. Pablo Acosta Padín, polas razóns expostas no fundamento xurídico terceiro do presente informe”.

**Sétimo.-** A mesa de contratación, na data 29 de xuño de 2016, revisou a documentación presentada por D. Jesús González-Puelles Casal, sendo esta correcta. Révisase a documentación presentada polo resto dos licitadores e compróbase que os certificados de non ter débedas tributarias presentados por D. Ramón Cornejo Molins están caducados polo que se acorda pedirle outros novos.

**Oitavo.-** A mesa de contratación, en data 6 de xullo de 2016, revisou a documentación presentada por D. Ramón Cornejo Molins, comprobando que os certificados de non ter débedas tributarias están vixentes, polo que a documentación é correcta, e acórdase, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados neste acordo marco como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede a súa adxudicación.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor dos licitadores que presenten as proposicións que conteñan a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

As ofertas economicamente máis vantaxosas para a administración contratante son as seguintes:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:27	Páxina 11 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA241-C44954-8A49AE-ENM14C-ZF1EUF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Lote 1: Paula Llordén Fernández-Cervera, Ramón Cornejo-Molins González, M. Jesús Nogueira Fos e Jesús González- Puelles Casal.
- Lote 2: José Antonio Garrido Pardo & asociados, S.L. e Begoña Millán Iribarren Procuraduría, S.C.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar o acordo marco para a contratación dos servizos de procuradores para a representación do Concello de Vigo perante distintos órganos xudiciais cunha rebaixa do 12% sobre as contías dos aranceis fixados polas disposicións arancelarias vixentes aos seguintes licitadores:*

- LOTE 1:

- Paula Llordén Fernández-Cervera
- Ramón Cornejo-Molins González
- M. Jesús Nogueira Fos
- Jesús González- Puelles Casal

- LOTE 2:

- José Antonio Garrido Pardo & asociados, S.L.
- Begoña Millán Iribarren Procuraduría, S.C.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

**c) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos para a execución dos murais do segundo programa para arrumbar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública. (expediente 8185- 307).**

A Mesa acorda deixar este punto fóra da orde do día.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:30 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

V. e Pr.

O presidente da Mesa

A secretaria

Javier Pardo Espiñeira

Ángela Fernández López



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:27	Páxina 12 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA241-C44954-8A49AE-ENM14C-ZF1EUF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/05/2024 04:27	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA241-C44954-8A49AE-ENM14C-ZF1EUF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		